



#CurtaOuSusto2021

Concurso de Micro-curtametraxes Online

O GFFF quiere abrir unha nova vía de escape para creadoras/es con vontade de xerar e difundir contidos que contribúan á evasión, ao puro deleite e goce dos espectadores. O obxectivo é claro: **provocar un arrepío ou susto no público en 30 segundos;**

COMO PARTICIPAR:

- Publica o teu video (máx. 30 segundos) en Facebook, Instagram ou Twitter.
- Na publicación o vídeo ten que estar insertado, non se aceptarán enlaces. Indica na publicación o nome da túa Micro-Obra.
- Inclúe na publicación o cancelo #CurtaouSusto2021 e non esquezas etiquetarnos.
- Sigue a páxina do GFFF na rede social onde publiques a túa obra.

Esta convocatoria vai dirixida tanto a profesionais como a creadoras/es *amateur* con obras de baixo orzamento, pero con moita intención e ganas de achegar a súa particular mirada.

REGULAMENTO:

PRIMEIRA. Poderán optar á exhibición e participación en concurso as obras audiovisuais **nacionais e internacionais de ficción.**

SEGUNDA. Poderán optar á participación as obras de **xénero terror ou parodia do mesmo.**

TERCERA. Calquera obra que cumpla as condicións anteriores é susceptible de ser seleccionada, **con produción no ano 2021.**

CUARTA. A duración da obra debe ser como máximo de 30 segundos. Non contabilizarase nese tempo a duración dos créditos finais.

QUINTA. Todos os materiais audiovisuais deberán estar dialogados ou subtitulados en lingua galega ou castelá.



SEXTA. Non existe límite en canto ao número de obras a presentar por unha mesma persoa.

SÉTIMA. **O período de presentación de obras candidatas son do 22 de XULLO ata o 31 de AGOSTO de 2021 ás 23:59 CET.**

OITAVA. A asociación organizadora deste festival traballa para fomentar a igualdade social e de xénero, por iso, o equipo de programación rexeitará todos aqueles traballos que non cumpran con este principio, avogando por una programación que non faga apoloxía de desigualdade social ou de xénero.

NOVENA. As obras seleccionadas serán subidas á páxina do Festival <https://galicianfreakyfestival.com/> para facilitar o visionado conxunto das mesmas e poderán compartirse nas canles de difusión do GFFF (Web, Facebook, Instagram, Twitter, Youtube).

DÉCIMA. As obras recibidas quedarán no fondo videográfico do Festival. O Galician Freaky Film Festival resérvase o dereito de utilizar secuencias ou materiais promocionais das obras seleccionadas e emitilos ou reproducilos en televisión, internet ou calquera outro medio para fins promocionais ou divulgativos. Os participantes conservan os dereitos de autoría das súas obras.

UNDÉCIMA. A participación no concurso supón a total aceptación do presente regulamento.

DUODÉCIMA. As cuestións non previstas nestas bases resolveranse a criterio do xurado, da organización do festival e/ou de A.C. Abella Producións.

PREMIOS:

- Os mellores traballos proxectaranse na clausura da #5 edition do Galician Freaky Film Festival que se celebrará o 2 de outubro de 2021.
- Os mellores cinco traballos gañarán un bono para poder desfrutar de toda a Sección Oficial da #5 edition de xeito online a través da plataforma Festhome.